

# **Convenio entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e o Concello de Laracha para a impartición de ensinanzas de formación profesional da familia de Comercio e márketing**

Santiago de Compostela, 21 de xullo de 2025.

## **REUNIDOS**

Dunha parte, don Román Rodríguez González, conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia, en representación desta consellería, e de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e nos Decretos 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia.

Doutra, don José Manuel López Varela, alcalde do Concello de Laracha en nome e representación do mesmo, designado na sesión do pleno da corporación do 17 de xuño do 2023, que actúa en nome e representación da citada institución e no exercicio das competencias que lle outorga a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e en exercicio das facultades que para convir, en nome das entidades que representan, teñen conferidas.

## **EXPOÑEN**

1. Que de acordo co Decreto 195/2013, do 27 de decembro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Transporte e

Loxística, a competencia xeral deste título consiste en organizar, xestionar e controlar as operacións do transporte de mercadorías e de persoas nos ámbitos nacional e internacional, e en planificar e xestionar as actividades loxísticas dunha empresa, de acordo coa normativa e cos obxectivos establecidos pola dirección da empresa, nun marco da calidade, seguridade e respecto ambiental.

2. Que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e o Concello de Laracha están dispostos a colaborar para ampliar a oferta de ensinanzas de formación profesional no concello de Laracha e que se adapten ás actuais necesidades do mercado laboral e así conduzan a unha óptima inserción laboral do alumnado.

3. Que o Concello de Laracha, participará activamente para a implantación de ensinanzas de formación profesional da familia de Comercio e márketing no concello e está disposto a colaborar aportando o uso das instalacións e os equipamentos necesarios, segundo se recolle no Anexo II do Decreto 195/2013, do 27 de decembro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Transporte e Loxística, e así poder ter a oferta das referidas ensinanzas de formación profesional no concello.

En consecuencia, ambas as partes acordan asinar este convenio, que se rexerá polas seguintes,

## CLÁUSULAS

### **Primeira. Obxecto do convenio**

O obxecto de presente convenio é establecer a colaboración no eido da formación profesional entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e o Concello de Laracha, para a implantación ensinanzas de formación profesional da familia de Comercio e márketing neste concello, concretamente o ciclo formativo de grao superior Transporte e loxística.

### **Segunda. Autorización das ensinanzas**

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional autorizará no IES Agra de Leborís de Laracha a posta en funcionamento e organización, para o curso 2025-2026, do ciclo formativo de grao superior Transporte e loxística, previa comprobación de que se cumpran os requisitos de espazo e equipamentos recollidos no Decreto 195/2013, do 27 de decembro e demais normativa de aplicación.

### **Terceira. Compromisos do Concello de Laracha**

O Concello de Laracha pon a disposición as instalacións ubicadas no edificio administrativo do Concello da Laracha (Avda. de Finisterre, 58) e os equipamentos necesarios, segundo se recolle no Anexo II do Decreto 195/2013, do 27 de decembro, no horario de impartición das referidas ensinanzas de formación profesional e farase cargo de seu mantemento, así como tamén dos gastos xerais de funcionamento (electricidade, auga, limpeza, calefacción, internet, teléfono e calquera outros que teñan tal consideración) necesarios para impartición das ensinanzas de formación profesional referidas na cláusula anterior.

### **Cuarta. Compromisos do Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional**

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional aportará o persoal docente necesario e asumirá os gastos de material funxible e de produtos consumibles necesarios para o desenvolvemento das ensinanzas obxecto deste convenio.

Estes gastos asumiranse a través das partidas do capítulo I (gastos de persoal) e do capítulo II (gastos en bens correntes e servizos) da consellería, non supoñendo incremento ningún de gasto para a consellería e sen que se realice ningún pagamento ao Concello de Laracha.

### **Quinta. Desenvolvemento e supervisión das ensinanzas**

Estas ensinanzas formarán parte da oferta formativa do IES Agra de Leborís de Laracha, para todos os efectos académicos e administrativos. Correspóndelle á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional o establecemento, o desenvolvemento e a supervisión dos plans educativos propios da consellería. O centro, nos seus ciclos formativos específicos, queda sometido ao servizo de inspección educativa da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, segundo a normativa vixente para os centros públicos.

### **Sexta. Comisión de seguimento**

Establecerase unha comisión de seguimento, control e supervisión, co obxecto de determinar a programación e o seguimento das accións previstas neste convenio.

Esta comisión reunirse cando se considere oportuno por calquera das partes e estará constituída por:

- Dúas persoas representantes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, unha das cales exercerá a presidencia da comisión.
- Dúas persoas representantes do Concello de Laracha.
- Unha persoa funcionaria da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional que actuará como secretaria.

### **Sétima. Vixencia do convenio**

O convenio terá a vixencia de catro cursos académicos 2025-2026, 2026-2027, 2027-2028 e 2028-2029, podendo prorrogarse, pola mesmo vixencia, por acordo expreso das partes mediante a addenda correspondente. En todo caso, coa limitación establecida no artigo 49.h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro. Non obstante, o convenio poderá denunciarse por calquera das partes; a denuncia deberá realizarse por escrito e con tres meses de antelación á data na que se queira poñer fin á relación entre as partes. En todo caso, a supresión das ensinanzas realizarse curso a curso ata a súa extinción definitiva.

### **Oitava. Extinción do convenio**

O presente convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

No caso de resolución do convenio, as partes quedan obrigadas ao cumprimento dos seus respectivos compromisos ata a data en que esta se produza.

Serán causas de resolución:

- a. Transcurso do prazo de vixencia sen haberse acordado prórroga.
- b. O acordo unánime das partes.
- c. O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por algunha das partes.

- d. Por declaración xudicial de nulidade.
- e. Por calquera outra causa prevista nas leis.

### **Novena. Obrigas económicas**

Da aplicación deste convenio non se derivará contraprestación económica algunha entre as partes asinantes do mesmo.

### **Décima. Protección de datos**

De conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, o alumnado, os centros educativos e o concello que por razón das actividades previstas neste convenio teñan acceso a datos de carácter persoal, non disporán dos mesmos con finalidade distinta á esixida polas accións formativas.

Neste sentido, haberá que atender ao contemplado no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46 CE (Regulamento xeral de protección de datos).

### **Décimo primeira. Publicidade do convenio, transparencia e bo goberno**

A firma deste convenio suporá o consentimento expreso do interesado á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 9/2013, do 9 de decembro, (BOE 10-12-2013) de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

### **Décimo segunda. Carácter administrativo do convenio**

O presente convenio de colaboración posúe carácter administrativo por razón do contido e materias sobre as que o mesmo versa, as cales ao abeiro do disposto na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, o exclúen do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo da aplicación dos

principios desta lei para resolver as lagoas ou dúbidas que a súa aplicación suscite, conforme ao contemplado no artigo 4 da citada lei.

Dada a natureza administrativa deste instrumento xurídico, as controversias ou cuestións litixiosas que puideran xurdir na súa aplicación e non puidesen ser solucionadas no seo da comisión de seguimento, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade co exposto, as partes asinan o presente convenio na data da súa sinatura dixital.

O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional

Román Rodríguez González

O alcalde do Concello de Laracha

José Manuel López Varela